

NARRATIVA

Lagarto Juancho

JOSÉ ESCUDERO

Aniña.
Así é que me chamaba Lola. Lola na casa sempre vai de negro, e lévanos xogar ao Campo, e traballa na nosa horta, que lle chaman Horta do Fandiño, porque á nosa familia chámanlle todos Fandiño, e ningún sabe por qué é, nin mamá. Só sabemos que toda a familia de mai é Fandiño, e xa está.

A miña vila chámase Pobra. Pobra do Carmiñal. E o que vou contar agora sucedeu un mes de setembro, acabando o verán. As ondas eran grandísimas, deso lémbrome, e é que o mar de Arousa, que é como os mariñeiros lle chaman á ría, debía de estar enrabeado, e botaba para a area moita escuma e argazo, a saber qué pasaría no océano, qué clase de bestas xigantes estarían a se pelexar para que pasase iso. Juancho era o meu amigo, bo, é, pero á parte de ser amigo meu é lagarto. É o lagarto Juancho desde que saíu un lagarto pola televisión que camiñaba sobre as patas de atrás e levaba gravata de lazo e chapeu estilo Chicago e era verde. Non deixa de resultar bonito, polo menos para min, a pesar de que os debuxos animados dicían ben ás claras que Juancho de lagarto nada, que Juancho é un señor crocodrilo en toda regra.

O caso é que eu, que son de Fandiño, que se dedican aos barcos desde os avós, e ao polbo antes, porque mo contou a miña nai, que antes se dedicaban ao polbo de feira, eu namorei do lagarto Juancho. Aos meus sete anos, ou así, e un non sei cantos de setembro, que foi un día de ondas moi altas e moi ruidosas, que todo o mundo andaba a dicir a de escuma e argazo que botaba o mar para a area, e eu pensaba que sería, de seguro, porque mar adentro habería unha pelexa de polbos xigantes como os da portada do libro de *20.000 Leguas de Viaxe Submarina*, e que a nós nos chegaban as ondas por iso. O mar soaba de

tal xeito que Juancho, mirando para o lonxe a carón do varadoiro, que é onde se amorean as dornas para reparar e que nese día tiña un barquiño de palangre azul, mirando a escuma que saltaba as rochas, non podía entender nada das parvadas (seguro que eran parvadas, porque el tiña cara de non entender nada) que lle estaba contando eu, que para el era Aniña do Fandiño, que un día me chamou así, porque ao mellor oíra a Lola chamarme así, que non me gusta nada, de repente pegada ao seu paseo polo peirao de tódolos días, pegada ao seu paseo así polas boas, e seguro que notando os ollos de caramelo que eu debía ter, porque xa se sabe que cando pos ollos de caramelo non se poden tapar e sempre te cachan, polo menos a min. Bo, pois Juancho non se deu de conta de que entre parvada e parvada Aniña, a dos ollos de caramelo, que son eu, lle dixera que qué linda colíña de lagarto tes, Juancho, que non sei cómo me atrevín a dicir esas cousas, aínda non o sei, e que qué grande e forte e non debían chamarche lagarto, senón crocodrilo, anque é verdade que iso tamén é unha parvada, así que por un lado non me estraña que non soubese o que lle dicía entre parvada e parvada, porque tamén era unha parvada, pero en fin. Seguro que non se deu de conta, nin se fixou, en que eu tiña a cara vermella, que mira que viña vento e eu asábame como unha galiña, nin sequera no nerviosa que estaba, nin no meu xeito de miralo, nin en nada. Juancho estaba apoiado nunha dorna vella e miraba alá á punta do porto, onde as ondas rompían por enriba, e iso a el débíalle de parecer máis interesante ca a min. Ulía, lémbrome moi ben, moito a algas, e a polbo mazado, e a peixe posto ao sol. Juancho díxome que estaba intentando separa-los olores, alá o polbo e aquí o xurelo, alá sal e aquí algas de argazo, alá brea e aquí pintura fresca, pero despois

díxome que nada, que era imposible, porque todo o ar tiña a graxa e peixe e a pintura e o aceite do mar e as algas e o polbo, e que todo estaba mesturado. Ou sexa que niso é no que pensaba cando eu soltaba palabras e máis palabras, tan nerviosa, e que me custara tanto tempo atopar-las máis bonitas para llas dicir: en polbos e xurelos e sal e argazo, niso.

Cando cheguei á casa, que á entrada cheiraba sempre moito a mexillón, porque na parte de abaixo, xunto á caldeira, están as nasas e as cordas, subín ao faiado, e escondínme, e púxenme a chorar. Porque, anque tódalas tardes son tristes, esa era a máis triste de todas. E Juancho era parvo e Juancho miraba para o mar e eu alí e Juancho é parvo e é un neno, toda esa cola de lagarto para qué se só mira para o mar mentres eu alí falando e o mar e é parvo. Míreme no espello que hai alí no faiado, e díxenlle á outra que non había dereito.

– Porque tampouco es tan fea.

– Non.

– ¡Ata es guapa!

– Claro.

E como o espello me dixera que claro, eu púxenme máis contenta e deixei de chorar, aínda que o lagarto Juancho seguía sendo un parvo. Ademais, Juancho falaba pouquísimo, e eu daquela non sabía por qué falaba pouquísimo, que logo souben, e tiña medo de que un día calase xa para sempre, porque un día, de falar tan pouco, íaselle esquecer, de seguro, pensaba eu, e logo qué, lagartíño, amor, qué.

Eu pensaba de cotío que por qué seguía a cada cacho lembrándome do lagarto, malia que o lagarto falaba tan pouco. Desgustábame cando el non me dicía nada, pero tanto me enfadaba como se facía máis grande o meu amor, ou o que fose, porque moitas veces non o sabía. E estábame facendo unha lea cada vez máis grande.

Unha tarde fixemos unha festa no faiado da miña casa. Juancho veu vestido de lagarto. Monse, a filla do da farmacia, veu cuberta cun mandil pintado de montañas. Xan, que é fillo dun mariñeiro, veu cunhas botas de auga azuis desas que se poñen nos barcos, e cabíanlle as pernas enteiras. Monse díxolle a Xan que se lle deixaba as botas de auga azuis, ela poríalle o mandilón coa paisaxe de montañas. Pero

a Juancho tamén lle gustaban as botas, e faloulle a Xan de trocarllas polo seu pelexo de lagarto.

– Eu vou ser mariñeiro –dixo Juancho.

– Nunca se vai ver un lagarto mariñeiro –dixo Monse.

– Nin a unha nena así de parva mariñeira –dixo Juancho.

– A min tanto me ten. A min todo me gusta –dixo Xan.

– A min non me gusta que Juancho sexa mariñeiro –dixen eu, inda que non sei por qué dixen iso, e púxenme moi vermella.

– ¿E por que?– preguntou Juancho con cara de sorpresa.

– «E por qué por qué por qué por qué» –dixen eu facéndolle burla coas mans nas orellas–. Lagarto parvo, sempre serás un lagarto parvo.

Juancho viu como ía para un curruncho do faiado, e como empezaba a chorar. Púxenme máis triste do que na verdade estaba, por ver se se decatara do que ocorría, que seguro que se decatara, pensaba eu. E pasou que quixo ser galante; e achegouse, eu toda contenta, e díxome que bo, que non sería mariñeiro, pero entón que lle dixera qué ía ser.

– Eu teño un disfrace moi bo para deixarche –díxenlle.

– A ver, ho.

E saquei un disfrace de pallaso que tiña nun baúl, que era o meu disfrace preferido, porque iso foi antes de que fixese o disfrace de Raíña Xeada, que despois ese foi o meu favorito, claro. Juancho colleuno coas mans, mirouno un anaco e logo dixo que eso xa era moito pedir. Díxome que non lle gustaban os pallasos, e así como o dicía, ó meu carón, deixou cae-lo disfrace, e de casualidade que puiden collelo polo ar e que non caese ao chan.

– A min o que me gustaría sería levar botas azuis de mariñeiro –dixo, como se non pasase nada.

– Lagarto parvo –díxenlle eu, co disfrace nas mans, e case chorando–, nunca volverei lembrar-me dun lagarto tan parvo.

Esa tarde, e só o puiden notar ao cabo dos días, de non sei cantos días, namoreime aínda un pouquiño máis do lagarto Juancho. E entendín aínda menos por qué seguía namorada do lagarto Juancho.